—Eleccións Municipais

A alternativa xuvenil nacionalista

De—
pen
—de
de—
Nós

GALIZA NOVA

BNG
Asembleas
— Abertas

depedendenos.gal
#dependedenos

24Maio: unha nova Galiza — Depende da mocidade!

Soa unha melodía de mozas e mozos de voces diversas, discursos e ideas disidentes que pulan para construír un país novo. Camiñan por unha Galiza devastada, e ao seu paso, a terra tínguese de cores, de todas as cores. É o son revolucionario, é a marcha do cambio, da revolta dunha mocidade que quere mudalo todo, daquelas que desafían os poderes estabelecidos e emprenden a revolución dos pobos valentes, a revolución pola conquista dos dereitos e as liberdades, do traballo, dunha vida digna, da vivenda e do dereito a vivir na terra.

A mocidade nacionalista co BNG!

Desafiamos os homes de gris e a quen nos condena desde Madrid e Bruxelas a vidas precarias. Queremos decidir o noso futuro, un destino aberto e construído entre tod@s, no que a mocidade sexa protagonista e non acompañante, sen tutelaxes. Por iso, nestas eleccións municipais a mocidade está na liña de fronte do nacionalismo, son centos as mozas e mozos comprometidas que integran as candidaturas do BNG – ASEMBLEAS ABERTAS, un proxecto compartido para erguermos o futuro nesta terra.

#MocidadeEnBloque
#ConcellosBNG

BNG Asembleas — Abertas

GALIZA NOVA

O noso decálogo
— De prioridades

1. Pór en marcha de fórmulas abertas de participación, transparencia en todos os labores municipais e dotación das canles oportunas para que exista unha comunicación fluída bidireccional coa cidadanía.

2. Romper coas políticas de recortes e enfrontarse a elas, mesmo coa insubmisión.

3. Entender a fiscalidade como un instrumento para redistribuír a renda e corrixir as desigualdades sociais. Demandar un maior esforzo fiscal ás rendas máis altas, apostar por que paguen na Galiza as grandes fortunas e reclamar o cobro do IBI á Igrexa.

4. Desenvolver campañas e medidas específicas de apoio ao comercio de proximidade e á produción local.

5. Deseñar programas para crear emprego, para loitar contra a pobreza e a exclusión social.

6. Colaborar con entidades de banca ética e coas novas cooperativas de enerxía e non con entidades financeiras que executen desafiuzamentos.

7. Incluír o estudo do impacto de xénero de xeito transversal e pór na axenda política como prioridades a loita contra a violencia machista e pola corresponsabilidade.

8. Combater o desequilibrio territorial e comprometerse coa sustentabilidade ecolóxica.

9. Declararse contra ás manifestacións de maltrato animal.

10. Exixir que se cumpran os dereitos lingüísticos e culturais do pobo galego. Pór en valor o noso vizoso patrimonio histórico-artístico e o patrimonio inmaterial.

BNG Asembleas — Abertas

GALIZA NOVA

Un proxecto colectivo — a favor da Galiza

BNG-ASEMBLEAS ABERTAS propón unha ruptura das prioridades políticas tradicionais: as persoas, os dereitos da clase traballadora, das mulleres, dos sectores máis desprotexidos, da mocidade, a sustentabilidade ecolóxica, a cultura e a defensa da lingua por riba dos mercados; a veciñanza peonil, as bicicletas e o transporte público por riba dos automóbiles; o fomento dos deportes minoritarios, das pequenas cousas; o feito de descubrir a forza de tantas mans anónimas unidas nun mesmo proxecto colectivo para que Galiza SIGA SENDO.

Para alén de asumirmos, tras participarmos no seu deseño e elaboración, o programa marco do BNG-Asembleas Abertas ao completo, incluímos agora para o debate unicamente aquelas cuestións que afectan de xeito máis directo á mocidade.

1. A Galiza do traballo

As políticas devastadoras do Partido Popular aplicadas desde os concellos, a Xunta e Madrid, en converxencia coa Troika, supoñen a ruína da nosa capacidade como país (agro, pesca, naval, enerxía, investigación...), destrúen postos de traballo empurrándonos á explotación laboral, empregos precarios e a emigración. Máis do 50% da mocidade galega está desempregada, e máis de 100.000 moz@s emigraron nos últimos 5 anos en busca de posibilidades de vida que se lles nega no país.

Para o BNG e Galiza Nova, é unha prioridade absoluta a implantación de políticas que posibiliten o regreso da mocidade que se viu obrigada a deixar o país nos últimos anos e impidan que máis xente nova se vexa obrigada a coller as maletas. Entre as medidas urxentes sinalamos as seguintes:

- Elaborar un plan de emprego xuvenil adaptado á realidade de cada concello, ao tempo que se guía o traballo cara a sectores estratéxicos do concello/comarca.

- Impulsar a creación dunha rede municipal e/ou comarcal de empregabilidade para xente moza. Coordinación co Servizo Público de Emprego na xestión das ofertas de traballo, evitando que sexan as ETT's as que xestionen a oferta laboral a modo de mercaderes de escravas.

- Potenciar a creación de bolsas destinadas a titulad@s superiores, para executar proxectos de especialización, exportación e innovación da economía local.

- Apoiar proxectos emprendedores de xente moza a través do acompañamento do desenvolvemento desde o inicio, creando espazos gratuítos de coworking para a mocidade, onde convivan diversas culturas profesionais coas que obter sinerxias.

- Crear un servizo de seguimento da mocidade desempregada, coa finalidade de garantir e procurar a súa introdución no emprego.

- Actuación dos concellos na liña de dar saídas laborais acaidas á realidade socioeconómica, garantindo o mantemento da poboación en espazos rurais.

- Axudar ao desenvolvemento de proxectos e iniciativas de mocidade para a creación e/ou mantemento de explotacións agro-gandeiras e de agricultura ecolóxica, e favorecer aqueles proxectos libres de transxénicos.

2. Participación activa da mocidade e poder de decisión no Concello

No BNG e Galiza Nova apostamos por rachar con dinámicas escuras para facer gobernos transparentes e participativos ao servizo do pobo galego, onde a mocidade teña poder de decisión real. No BNG apostamos para que a mocidade decida por ela mesma, sen paternalismos nin tutelaxes, sobre as cuestións que lle afectan no día a día en todos os ámbitos, tamén no municipal. Implicaremos a mocidade no deseño das políticas que lle afecten, impulsando a súa participación

activa na política e favorecendo a autoorganización xuvenil e contando co asociacionismo existente.

- A concellaría de mocidade dotarase dun plan integral da mocidade que, desde unha óptica transversal e mediante o diálogo co asociacionismo xuvenil, estabeleza diagnoses e medidas de actuación dirixidas á mocidade.

- Porase a disposición da mocidade do concello a creación de Consellos Municipais de Mocidade, con carácter autónomo e dos que participará o tecido asociativo do concello, cuxo fin será estudar, propoñer, deseñar e avaliar as políticas municipais que afecten á mocidade.

3. Nin xente sen casas, nin casas sen xente

A Galiza conta con máis de 300.000 vivendas baleiras, mais 7 persoas son expulsadas das súas casas ao día. O nacionalismo mobilizouse portal a portal contra os desafiuzamentos, defendendo o dereito á vivenda de todas as persoas. Por iso:

- Impulsarase a vivenda pública para facilitar a emancipación da xente moza e que ofreza vivenda digna e accesíbel a persoas desafiuzadas.

- Articularanse medidas para facilitar o alugueiro das vivendas baleiras do municipio.

- Desenvolverase un plan de rehabilitación de vivendas que mellore a inserción laboral da mocidade desempregada.

- Arbitraranse medidas de apoio ás persoas desafiuzadas ou en proceso de desafiuzamento.

- Crear ou reservar vivendas para emerxencias sociais

4. Educación, igualdade e sexualidade

Queremos construír unha Galiza de mulleres libres, donas das súas vidas, do día a día e do seu futuro. Por iso consideramos a educación unha ferramenta chave, para medrarmos aprendendo en igualdade, detectando e desbotando formas de dominación e aprendendo a vivir unha sexualidade libre, segura e gozosa, sen acoutar identidades. Por iso defendemos:

- Aposta polo establecemento de lugares específicos nas instalacións municipais para o asesoramento afectivo-sexual da mocidade e a través de novas canles como redes sociais, teléfono, correo electrónico e whatsapp.

- Realización de campañas e obradoiros de información sobre emprego de métodos anticonceptivos e de protección contra enfermidades de transmisión sexual.

- Impulsaranse en centros de ensino e espazos de socialización da xuventude obradoiros destinados a concienciar na igualdade e superar actitudes machistas. Tamén se pulará pola realización de obradoiros afectivo-sexuais co fin de promover unha sexualidade libre, segura e gozosa que combata a discriminación e a criminalización da mocidade Lesbiana, Gay, Transexual. Bisexual, Intersexual (LGTBI).

- Defensa do dereito de as mozas decidiren sobre o seu corpo e, por tanto, o respecto do seu dereito a abortar de maneira autónoma e libre

- Aposta por obradoiros de coeducación para escolas e centros de secundatrio, promovidos polo Concello.

5. Mobilidade

Os transporte público na Galiza é deficiente. A día de hoxe hai moitos concellos nos que non existe transporte público que atenda as necesidades de mobilidade da poboación. Pulamos por un transporte digno acaido ás necesidades de cada concello:

- Xeneralización do bono-bus ou tarxeta con desconto para a mocidade desempregada e estudantado, válido para servizo de ferrocarril, autobús e barco na Galiza.

- Defenderase o mantemento e creación de liñas de autobuses nocturnas subvencionadas de carácter local ou comarcal, encamiñadas a facilitar a mobilidade da mocidade ás zonas de lecer e que contribúen á redución da sinistralidade nas estradas.

- Promoción do transporte saudábel, nomeadamente da bicicleta, creando carrís exclusivos, así como carrís biciamigábeis, ademais de aparcadoiros en puntos de interese xuvenil. Tamén favoreceremos o alugueiro

de bicis e a inclusión de rutas cicloturísticas para promover un uso responsábel do transporte.

6. Cultura, lecer e asociacionismo xuvenil

O BNG considera que unha política cultural verdadeiramente enraizada no país contribúe de xeito crucial ao noso autocoñecemento e autovaloración como pobo, que son bases esenciais para o desenvolvemento económico. Por iso, nun contexto de crise económica, o BNG non se deixará arrastrar por unha política de recortes orzamentarios especialmente centrados no ámbito da actuación cultural. Os principios que inspirarán a política municipal do BNG no ámbito da cultura serán: Entender a política cultural como unha actividade inserida na nosa realidade social e lingüística, cuxo obxectivo principal debe ser a afirmación e o afortalamento da nosa identidade como nación. Concibir a política cultural municipal non só como un labor de difusión, mais como un conxunto en que debe ter cabida o apoio á creación, á produción propia, á investigación e ao asociacionismo cultural.

- Apoiaranse e impulsaranse as manifestacións artísticas da mocidade do concello, facilitando espazos e medios para a súa difusión e proxección, e buscarase o apoio para novas creadoras e creadores (audiovisual, artes escénicas, novas formas de creacións etc). Apoiaranse formacións musicais integradas por mozas e mozos, facilitándolles acceso a locais de ensaio e potenciando a súa inserción na actividade cultural municipal. Procurarase habilitar locais de ensaio municipais alí onde non existan.

- Apostar polas manifestacións culturais de tipo local e nacional nas festas populares.

- Crear ou consolidar bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galiza,. Potenciaremos os servizos de extensión cultural asociados ás bibliotecas municipais, e fortalecendo as actividades de dinamización culturais infantís, xuvenís e videofórums.

- Promoverase unha programación continua e estábel de lecer nocturno para a mocidade, que sexa

alternativo á oferta existente baseada no consumismo; e que fomente unha maior implicación da xuventude en actividades lúdico-festivas e saudábeis.

- Fomentarase a busca de solucións dialogadas entre os sectores afectados por fenómenos como o botellón e demais situacións relacionadas co ocio xuvenil, de maneira que se concilie o dereito ao lecer e o dereito ao descanso da veciñanza, evitando a criminalización da mocidade.

- Creación de áreas recreativas para patíns, monopatíns, bicicletas acrobáticas, e outras.

7. Saúde e substancias aditivas

Opoñémonos ás políticas prohibicionistas en materia de drogas, que sitúan na marxinalidade ás persoas con drogodependencia, potencian o tráfico ilegal e enriquecen o negocio de quen xoga coa saúde pública.

- Potenciaremos plans de prevención e información sobre drogas para incidir na mocidade sobre os riscos que derivan do consumo. Pularase polo estabelecemento de puntos de información e axuda en espazos de ocio nocturno, en cooperación con asociacións e ONGs.

- Obradoiros sobre saúde entre a mocidade sobre trastornos alimenticios como bulimia e anorexia inducidos polos estereotipos comerciais.

BNG
Asembleas
— Abertas
GALIZA NOVA

GALIZA NOVA

BNG

Asembleas
— Abertas

depedendenos.gal

#dependedenos

De—
pen
—de
de—
Nós